


Ricardo
Mella

Doctrina
e
combate

Cadernos de
«Terra de Ninguén»
número 1





Traducción e anotacións
Acracio Orxal.

Revisión da versión galega
Morgana de Teis.

Maquetación e impresión
Ateneo Libertario «R. Mella» de A Coruña.

Edita
Sindicato de Oficios Varios de C.N.T. de Vigo.

Cadernos de
«Terra de Ninguén», número 1
Vigo, outubro 2000

Edición para a web: CNT - A Coruña,
novembro 2009

Prologo



«Doctrina e combate» de Ricardo Mella sae do prelo co gallo do setenta e cinco aniversario da morte do seu autor.

O «Esbozo biográfico» que figura a xeito de prólogo e moitas das referencias bibliográficas están tirados dun traballo máis extenso e documentado, aínda inédito, que é da autoría de Maiquelo Pedreiro.

O texto da obra que serviu de fonte ó labor de tradución é o recollido nas seguintes edicións:

-*Forjando un mundo libre*/ Ricardo Mella; prólogo e anotacións de V. Muñoz.- Madrid, Las Ediciones de La Piqueta, 1978.-(páx. 147-166).-Contén ademais: La Anarquía; Evolución y Revolución; El Colectivismo, sus fundamentos científicos; La bancarrota de las creencias; Del amor: modo de acción y finalidad social; 8 de enero-10 de febrero de 1893. Los sucesos de Jé-rez; La Nueva Utopía.

-*Doctrina y combate*/ R. Mella.- Madrid, Federación Ibérica de Juventudes Libertarias, s/f.

Hai notables diferencias entre ámbalas-dúas edicións, que chegan ata o extremo de incluír a ed. F.I.J.L. un capítulo (o III) que forma parte doutra obra de Mella: *Del amor. modo de acción y finalidad social*, e como tal aparece recollido en V. Muñoz, ed. cit., páx. 119-121. Non embargantes, toda vez que esta contaminación textual non deixa de ter interese, como reflexo e consecuencia do singular xeito en que ás veces se fai a transmisión do pensamento anarquista, preferimos incluílo, aínda sendo seguro o seu carácter espurio a *Doctrina e Combate* (median entre as datas de publicación das dúas obras 22 anos).



Esbozo
biográfico de
Ricardo Mella



FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE LA PRENSA DE GALICIA Y EL DE MAYOR CIRCULACIÓN

Año 72

Fundado por Aguil de Lema y Marina

N.º 17.101

NUMERO SUELTO 10 CENTIMOS

Sábado 8 de Agosto de 1928

OPINAS Y TALLERES COLON, 22

CRÓNICA

La rehabilitación de la gaita

El arte gaitero, que en estos últimos años ha sufrido una gran revolución, ha alcanzado un grado de perfección que no se veía desde el primer momento de su aparición. En el día de hoy la gaita es un instrumento que ha alcanzado un grado de perfección que no se veía desde el primer momento de su aparición. En el día de hoy la gaita es un instrumento que ha alcanzado un grado de perfección que no se veía desde el primer momento de su aparición.



Don Ricardo Mella, ex presidente de la Compañía de Tráfico Estéreo de Vigo.

Hoy llega la excursión portuguesa

Una gran excursión de turistas portugueses llegará hoy a Vigo. Los turistas, que vienen de Lisboa y de otras ciudades de Portugal, serán recibidos en el puerto por una comisión de bienvenida. La excursión es organizada por una sociedad de turismo portuguesa.

El primer acto de la rehabilitación de la gaita será el que tendrá lugar en el día de hoy. En este acto se dará a conocer el estado actual de la gaita y se explicará el plan de rehabilitación que se ha trazado.

Defensa de Sr. R. Esteban

El Sr. R. Esteban, que ha sido acusado de haber cometido un delito, se defiende en estos días. El Sr. Esteban afirma que no ha cometido el delito que se le acusa y que se trata de un caso de injusticia.

Las cartas anónimas

Las cartas anónimas que se han estado recibiendo en estos días, continúan llegando. Se trata de cartas que contienen información sobre la vida de la ciudad y sobre los asuntos que afectan a la población.

La destilación de uva

La destilación de uva, que es un proceso tradicional de elaboración de alcohol, se está realizando en estos días. Se trata de un proceso que requiere mucho tiempo y esfuerzo, pero que produce un producto de gran calidad.

Esbozo biográfico

Dolores Cea, nai de R. Mella

@ 23 de abril de 1861: Nace en Vigo Ricardo Mella Cea⁽¹⁾. É o primoxénito de catro irmáns (dúas mulleres e outro varón completan a familia).

@ 1867: Comeza na Escola Primaria en Vigo.

@ 1873: Remata os seus estudos primarios.

@ 1875: Empeza a traballar nunha axencia (cecais escola) marítima de Vigo.

@ 1877: Ingresa no Partido Federal de Pi y Margall⁽²⁾. Segundo Antón Fernández Álvarez chegará a ser Secretario do Comité de Vigo.

@ 1878: Marcha a Madrid (segundo V. Muñoz, ed. *Antología ácrata española*.- Barcelona, Grijalbo, 1974). Dirixe *La Verdad*, periódico quincenal (V. Muñoz e Fernández Álvarez).

@ 1879-80: Encomeza a estudar o Bacharelato no Instituto de Pontevedra. Colabora en *El Estudiante*, xornal editado por un grupo de alumnos do Instituto de Pontevedra. Dende as súas páxinas polemizará con *El Eco del Miño* (de tendencia tradicionalista), que o considera director de *El Estudiante*.

@ 1881: Dirixe *La Verdad* de Vigo. En xuño publicará un artigo que lle custa unha denuncia de Elduayen⁽³⁾. Cofundador, director, ideólogo e animador do xornal *La Propaganda* de Vigo. Secretario do Comité Federal de Vigo.

@ 1882: Abandona o Partido ou Comité Federal de Vigo. Representa a Federación Local de Vigo no II Congreso da «Federación de Trabajadores de la Región Española»



Esbozo biográfico

(F.T.R.E.), que se celebrou en Sevilla nos días 24, 25 e 26 de setembro. Fará de secretario de actas en alomenos parte das sesións.

Antes, en abril, unha sentenza da Audiencia Territorial de A Coruña o condena a catro anos de desterro e 625 pesetas de multa. Segundo Xosé Antonio Durán, é a primeira sentenza decididamente política contra dun escritor galego, e a máis severa do período da Restauración en Galicia, das provocadas por un delito de opinión.

En novembro, sentenza do Tribunal Supremo de Madrid, que o condena a tres anos e sete meses de desterro e 200 pts. de multa.

@ 1883: Inicia desterro voluntario en Madrid. Colabora en *Revista Social* de Madrid.

@ 1884: Presenta *El problema de la emigración en Galicia* ó Certame Literario convocado polo Concello de Vigo. A memoria de Mella é rexeitada polo seu radicalismo ideolóxico.

Traduce con Ernesto Álvarez⁽⁴⁾ *Dios y el Estado de Bakunin*⁽⁵⁾, que se publica como folleto en *Revista Social*.

@ 1885: O 14 de xullo ten lugar en Reus o «Primer Certamen Socialista». Mella presenta os traballos *El problema de la emigración en Galicia* e *Diferencias entre el comunismo y el colectivismo*. Ámbolos-dous traballos son premiados.

@ 1887: Casa con Esperanza Serrano Rivero, filla de Juan Serrano Oteiza⁽⁶⁾.

Remata os seus estudos de Topografía. Aproba as oposicións a topógrafo e é destinado a Sevilla.

@ 1888: Reside en Sevilla. Funda o xornal anarquista *La Solidaridad*, que logo se transforma en *La Alarma*.

@ 1889: O 11 de novembro nace en Sevilla o seu fillo Ricardo.

José Mella, pai de R. Mella



Esbozo biográfico

Celébrase no Palacio de Bellas Artes de Barcelona o «Segundo Certamen Socialista», organizado polo grupo «Once de Noviembre». Presenta os traballos seguintes: *La anarquía: su pasado, su presente y su porvenir*; *Breves apuntes sobre las pasiones humanas*; *La Nueva Utopía*; *El colectivismo: sus fundamentos científicos*; *Organización, agitación, revolución*; *El crimen de Chicago*. Todos eles foron premiados.



Esperanza Serrano, compañeira de R. Mella

@ 1891: Pronuncia no Círculo Federal de Vigo unha conferencia sobre *Evolución y Revolución*, que será publicada por *La Vanguardia*, semanario republicano-federal vigués. Segundo X. A. Durán, foi no ano seguinte.

Co gallo do 1º de Maio participa, xunto a Ramón Montija e Miguel Rubio⁽⁷⁾, nun mitin celebrado na praza de touros de Córdoba.

Publica *Sinopsis social: la anarquía, la federación y el colectivismo*.

@ 1892: Segundo X. A. Durán foi en abril deste ano cando Mella viaxou a Vigo, convidado polos republicano-federals de *La Vanguardia*, para da-la conferencia *Evolución y Revolución*.

O 24 de xuño nace en Priego (Córdoba) a súa filla Alianza.

Entrevístase en Sevilla con E. Malatesta⁽⁸⁾ e Pedro Esteve⁽⁹⁾, que se atopan de xira de propaganda ideolóxica.

@ 1894: Nace en Málaga o seu fillo Alberto (17 de febreiro).

@ 1895: Retorna a Vigo, onde nacen os seus fillos Raúl (4 de febreiro) e Esperanza (decembro).

@ 1897: Trasládase a vivir a Pontevedra. Colabora en *La Unión Republicana* de Pontevedra e en *El Progreso* de Madrid.

@ 1898: Colaboración en *La Campaña*, periódico

Esbozo biográfico

fundado por Luis Bonafoux⁽¹⁰⁾ co obxecto de esixir a revisión do Proceso de Montjuich.

O 15 de maio ten lugar en La Plata (Arxentina) o «Certamen Socialista Libertario Internacional»; Mella participa con traballos asinados baixo pseudónimos.

@ 1899: Regresa a Vigo a vivir. Nace a súa filla Urania (15 de novembro).

@ 1900: En setembro trasládase a París para participar no «Congreso Revolucionario Internacional» como representante do movemento obreiro español. Presenta as comunicacións *La cooperación libre y los sistemas de comunidad* (publicado en *Ideario*⁽¹¹⁾) e *El colectivismo y el comunismo anarquista*, segundo sinala B. Cano Ruiz. O Congreso foi prohibido polas autoridades e non puido celebrarse, limitándose os delegados desprazados a manter encontros privados ou clandestinos.

@ 1901: Marcha coa súa familia a Asturias, onde traballa como topógrafo na construción dun camiño de ferro. O 3 de decembro nace en Sariego a súa filla Flora.

@ 1903: O 2 de abril, convidado pola «Junta Directora de la Extensión Universitaria», pronuncia unha conferencia (posteriormente publicada) encol de *Las grandes obras de la civilización*, no Instituto Jovellanos de Xixón.

O 8 de maio nace en Sariego a súa filla Alba.

@ 1904: O 29 de abril nace en Sotroñdío a súa filla Luz.

A desaparición da revista *Natura* faino entrar nunha etapa de silencio e de reflexión que se prolonga ata 1909.

@ 1909-10: Retorna a Vigo, chamado por Ramiro Pascual para que axude na finalización do plano urbano e suburbano da cidade; e por Martín Echegaray, para que se faga cargo da dirección das obras de construción da rede tranviaria de Vigo.

Nace, o 10 de abril de 1910, o seu fillo Mario.

Con Eleuterio Quintanilla⁽¹²⁾ e Pedro Sierra⁽¹³⁾ funda en Xixón *Acción libertaria*.

@ 1912: Coa colaboración dos seus fillos Ricardo e Alberto comeza a construción da rede de tranvías de Vigo.

Funda *El Libertario*.

@ 1914: Circulan os primeiros tranvías en Vigo. Mella é

Esbozo biográfico

nomeado director xerente da «Compañía de Tranvías de Vigo», cargo que ocupa ata a súa morte.

@ 1925: O 7 de agosto fina en Vigo Ricardo Mella. O seu enterro significa unha multitudinaria manifestación de dolor dos cidadáns vigueses: asistiron seis mil persoas nunha cidade que entón tiña cincuenta mil habitantes.

O 15 de setembro ten lugar no teatro Tamberlick unha concorrida velada de homenaxe a Mella.



NOTAS:

(1) A súa nai foi Dolores Cea. O seu pai, Ricardo Mella Buján, federalista e librepensador, era sombreireiro de profesión.

Un dos seus tíos maternos, Francisco (ou José) Cea, foi delegado por Valladolid ó «Primer Congreso Obrero Español»(1870). Na casa doutro, Jacinto Cea, vivirá Mella mentres estudie en Pontevedra; Jacinto era, tamén, sombreireiro.

(2) Francisco Pi y Margall (Barcelona, 1824-Madrid, 1901). Político, ensaísta e historiador español; ministro de Gobernación no gabinete de Figueres, sucedeu a este na presidencia da Primeira República (xuño-xullo de 1873). Autor de *Las nacionalidades* e *Historia de España en el s. XIX*. Un artigo necrolóxico de R. Mella sobre Pi y Margall pode lerse en *Antol. ácrata española*, cit., páx. 175-79.

(3) José de Elduayen, primeiro marqués do Pazo da Merced (Madrid, 1823-Madrid, 1898). Político conservador, amigo e fiel seguidor de Cánovas del Castillo. Ocupou importantes cargos no aparato do Estado antes e despois da Restauración borbónica (1874).

(4) Ernesto Álvarez (¿?-¿?). Anarquista vallsolletano, discípulo, colaborador e amigo de Juan Serrano Oteiza (vid. nota 6).

(5) Mijail Aleksandrovic Bakunin (Torzk, 1814-Berna, 1876). Revolucionario ruso. É un dos grandes representantes do anarquismo, autor, entre outras obras de *Dios y el Estado* y de *El Estado y la anarquía*.

No catálogo da «Fundación Anselmo Lorenzo» de Ma-

dríd, aínda se recollen as referencias ás últimas edicións das súas *Obras completas* en España: as das editoriais Júcar e La Piqueta, publicadas entre 1977 e 1986. Unha edición independente de *Dios y el Estado é: Dios y el Estado*/ M. Bakunin; nota introductoria de M. Nettleau; prefacio de Carlos Cafiero e E. Reclus.- Madrid, Júcar, 1995.- 5ª ed.

(6) Juan Serrano Oteiza (1837-1886). Madrileño, artesán de abanos, participou nos disturbios de 1866 e foi secretario do «Fomento de las Artes»; entrou na Internacional en 1869. Director da *Revista Social* en 1881-85, exerceu dende ela unha fonda influencia na liña reformista e legalista daqueles anos. Foi o máis proudhoniano dos anarquistas españois, e neste sentido influíu no seu xenro Ricardo Mella. Autor de *La moral del progreso o la religión natural*, e de moitas creacións literario-sociais como *El pecado de Caín*, *Pensativo* ou *Dos mujeres*.

(7) Carecemos de datos referentes ós dous oradores que acompañaron a Mella naquela efeméride dos Mártires de Chicago.

(8) Errico Malatesta (Santa María Capua Vetere, 1853-Roma, 1932). Anarquista italiano; participante en diversas revoltas, padeceu varias veces cadea. Estivo exiliado en Arxentina, Francia, Reino Unido, España e EE.UU., ata 1919, ano en que regresou definitivamente á súa terra natal. A súa posición belixerante, como era esperable, contra a Dictadura de Mussolini, fíxoo sufrir o odio e as represalias fascistas, véndose condenado ó ostracismo nos seus derra-deiros anos. Autor de *Entre paysans*, *Anarchy*, etc.

Unha evocación por Malatesta de R. Mella e P. Esteve aparece en *Antol. ácrata española*, cit., páx. 185-86.

(9) Pedro Esteve (1866-1925). Barcelonés, propagador considerable do ideal libertario nos EE. UU. Algúns dos seus escritos foron reunidos en *Reformismo, dictadura, federalismo*.- Nueva York, Cultura Obrera, 1922; e en *Socialismo anarquista*.- Nueva York, Cultura Obrera, 1927.

(10) Luis Bonafoux (Burdeos, 1855-Londres, 1918): Escritor portorriqueño; expulsado moi xove de Puerto Rico, residiu en Madrid, onde exerceu intensa actividade como crítico lite-

Esbozo biográfico

rario; fundador de *El Paréntesis* y *El Español*. Acusou de plaxio a Clarín en *Yo* y *el plagiarío Clarín*.

(11) A edición orixinal apareceu en Xixón, Imprenta la Victoria, 1926; a última reedición que coñecemos é a da editorial Producciones de Barcelona (1978).

(12) Eleuterio Quintanilla (Xixón, 1886-Burdeos, 1966). Foi un dos fundadores da C.N.T. Era mestre de escola, fundador do «Centro de Estudios Sociales» de Xixón e director do semanario *Acción Social*. No Congreso da C.N.T. de 1919 denunciou xa o carácter autoritario da Revolución Soviética e formou parte da tendencia que se opuxo á adhesión da C.N.T. á III Internacional.

(13) Pedro Sierra (Oviedo, 1888-Ciudad de México, 1969). Discípulo, colaborador e divulgador da obra de R. Mella.



Doctrina e combate





Ós amigos de «Renovación Proletaria»⁽¹⁾, nesta hora de confusionismo ideolóxico.

Fraternalmente.

Os camaradas de «Renovación Proletaria»-(2) no medio do triste espectáculo dos nosos días, nestes intres nos que a mentira pública e privada corroe as entrañas da sociedade; o vicio corrompe homes e mulleres, rapaces e anciáns; a vaidade esvaece o cerebro; e os hipócritas e fariseos, embusteiros e dexenerados, corren tras miserentos fins de pasaxeiro pracer-fan labor positiva e de proselitismo revolucionario; e cren completala mellor cun volume meu, e ás súas repetidas insistencias non podó negarme máis, xa que estamos invadidos pola epidemia do escepticismo máis noxento, no que é pisoteada a conciencia e desprezada a personalidade.

Asinamos un compromiso coas apariencias rendéndonos á maldade. A nosa educación política, a nosa educación social, a nosa mentalidade, a nosa afectividade⁽³⁾, todo, absolutamente todo, descansa neste compromiso.

Non é isto pesimismo de escola nin pesimismo de tendencia orgánica. É a expresión da realidade que se impón por onde queira. Contemplamos un home calquera, sexan as que foren as súas ideas e os seus sentimentos, e de súpeto salta a mentira, salta o finximento, salta a vaidade. Os escépticos declarados confésanse ou escúsanse. Quen se escusa, acúsase, lin non sei onde. Os que teñen ou parecen ter ideas, aspiracións, agachan o mellor posible a súa propia insania. Provocádeos e vos ensinarán máis mentiras que verdades, máis vaidade que ciencia propia, máis hipocrisía. A liña recta é o estreito egoísmo das máis diversas concupiscencias. Non fallan os que cíni-

camente ostentan a perversidade da moderna vida social.

Estamos en plena crise de todo un mundo que ameaza próxima ruína. Desgastados os resortes da vella moral, do idealismo transcendente, da política rancia, todo o mundo se entrega ás máis baixas paixóns. A ambición desbórdase: ambición mesquiña, pobre, fútil. O egoísmo cristaliza: egoísmo raquítico, anémico. Tódalas calidades nobres da personalidade bailan unha danza macabra e prostérnanse no altar da concupiscencia. Se poñen as ideas, os sentimentos, ó servicio da paixón. É mester «arrastrarse para subir, coma fan as eirugas, ó longo dunha estaca». «En van (Dumont)^(3 bis) un home reflexivo e sensato quererá permanecer inmóbil na súa condición, facer consistir o seu luxo na súa independencia e gozar descanso e repouso; non se lle deixará tranquilo. O desinterese, a vida sinxela e con severa independencia⁽⁴⁾, son artigos pasados xa de moda e obxecto dun desdén xeral».

Méntese relixiosidade, méntese amor ós semellantes, méntese abnegación, méntese sinceridade: a cucaña tentadora, a cucaña política, a cucaña da riqueza, a cucaña do renome, a cucaña do aplauso: velaí todo, hai que agatuñar aínda que sexa arrastrándose coma os insectos máis repugnantes.

Agatuñade, pois, homes de hoxe en día. Agatuñade os que aspirades a gobernar, os que queredes dirixir, os que soñades con brillos de efémero refulxir; agatuñade os ambiciosos, os larpóns da riqueza; agatuñade os que vos credes elixidos, predestinados a unha hexemonía literaria, política, científica ou social; agatuñade, agatuñade todos a porfía, que a masa estulta vos axudará pracenteira, crendo ou aparentando crer nas vosas promesas de gloria ou benestar ou de grandeza; nos vosos mentidos servicios; na vosa necia superioridade.

Agatuñade, que mentres agatuñades non fallarán voces que braden dende acó embaixo por unha vida sinxela, honesta e sincera, que virá ó derrubarse o mundo que agoniza, que agromará do estrondo de tódalas cucañas ó vírense ó chan.

A forza dos que cifran o seu orgullo na súa independencia, na súa sinceridade, na súa sinxeleza, é a forza dun mundo

que se adianta ós tempos, que vén a todo correr para sanea-la atmosfera, o ambiente social, e [para]⁽⁵⁾ purificar a conciencia dos individuos dotándoos do heroísmo da verdade, do valor de ser eles mesmos, netamente eles, sen dobrez, sen finximento, sen hipocrisía. Esta forza pretende que os cidadáns non vivan do común engano, que cadaquén se confese tal coma é, bondadoso ou indiferente, egoísta ou desinteresado, branco ou vermello, sabio ou necio; que cadaquén poida estreita-la man do outro sabendo que é a man do adversario ou do amigo, a man do heroe ou a man do sabio, a man do necio ou a man do egoísta. Cada home vale tanto máis canto máis francamente se amosa tal coma é. Necesitamos te-lo valor da nosa propia personalidade.

Amosémonos coma somos. Se abrigamos unha ambición persoal, non nos finxamos redentores dos demais; se corremos trala riqueza, non aparentemos unha piedade que non se sente, unha relixiosidade que non pasa dos beizos; teñámo-lo valor de ser nós mesmos.

E cando teñamos este valor teremos voltado á vida honesta e sinxela, á verdade simple e neta. Non hai maior gloria que a tranquilidade de ser probado, leal, franco, abertamente franco e nobremente desinteresado. Voltemos, si, ós costumes modestos, ós costumes de independencia, de sinxeleza, de honestidade.

O ambiente de mentiras, de ambicións, de vaidades, de concupiscencia, corroe as entrañas da sociedade e corroe as nosas propias entrañas. Estamos en plena peste de embustes, de fatuidades, soberbiamente fachendosos da nosa maldade.

Chamemos a tódalas portas, forcémolas, se é mester; que a nosa personalidade se ofrezca á contemplación pública coma entre cristais diáfanos.

Que de tódalas bandas partan voces facendo un chamamento vigoroso á sinxeleza, á independencia e á honestidade. Cifremos nisto o noso orgullo. Cómpre ser sinceiros ata o heroísmo.

As pragas véncense a forza de hixiene. A hixiene social

ten un nome: verdade.

A verdade será o gran reactivo que nos devolva ó dominio de nós mesmos.

Digamos, impoñamos a verdade teimudamente, sen acovardarnos por nada. Que a verdade sexa o cauterio⁽⁶⁾ implacable de tódalas chagas que nos apestan abafándonos nunha atmosfera de morte.

A verdade emanciparanos.



2

A organización social e política do mundo civilizado descansa nunha variable noción do Dereito. Os pobos salvaxes réxense aínda polo invariable dereito da forza. Teóricamente, estas dúas aspiracións, que son toda a filosofía e toda a ciencia en plena actualidade, resólvense nunha radical oposición que supón como triunfo definitivo da xustiza o réxime perpetuo do Dereito.

Os programas políticos e as teses filosóficas parten do prexuízo universal de que a realización do Dereito é a finalidade tanxible do progreso humano. Os tempos bárbaros correspondenlle á forza bruta; os tempos modernos, á evolución indefinida da idea de xustiza.

¿Estamos seguros da lexitimidade desta idea? ¿Non será o produto bastardo dun concubinato⁽⁷⁾ infame?

Considérase o home coma membro social, as funcións do que veñen dadas de antemán pola lei común. O Dereito é o resultado dunha lexislación e un produto da combinación numérica. Os metafísicos sutilizan ata reduci-lo a unha nebulosa. Toda irreverencia cara ó moderno ídolo, traducción política do indeciso Deus dos idealistas, é gravísimo pecado que a sociedade castiga con man forte.

Abraia a facilidade coa que unha verba goberna o mundo. ¿Que é o Dereito máis cá mesma forza organizada? A penas un pobo abandona o estado salvaxe e se constitúe en nacionalidade, dase presa a codifica-la forza, regulando o seu exercicio. Antes a forza era o elemento de loita de que todos

dispuñan ó seu antollo; é hoxe patrimonio conferido a uns poucos, mediante leis e decretos do poder, creado e mantido pola forza. Tódolos regulamentos e códigos non son máis ca recoñecemento e sanción de actos de forza; a constitución, a súa lei suprema. Existen certamente diferencias, aínda que máis aparentes que reais: consisten en que cada lei ou constitución, código ou regulamento reflecte non o concepto pechado da forza primitiva, senón aqueloutro que cadaquén elabora para o goberno do mundo; consisten tamén no diferente xeito de exercer-la forza. A suavidade nas formas, o disimulo cara ó exterior, distingue esta época das precedentes. Certo é que o señor de forza e coitelo, de vidas e facendas, non se asemella ó panzudo burgués dos nosos días, que envelena cos produtos que fabrica ou vende, ou mata por avareza, ou sacrifica no pozo dunha mina centenaes de existencias con tal de obter maiores rendementos. No fondo, o burgués, coma o señor feudal, ampárase na forza. Hoxe chámase esta código, lei, constitución. O progreso redúcese á exaltación da barbarie⁽⁸⁾ primitiva a principio de xustiza inmutable.

¿Como fuxiu á crítica da filosofía e da democracia este feito evidente?.

A tradición serve de punto de partida ó progreso e, naturalmente, se as causas da inxustiza prevalecen, prevalecerá a inxustiza tamén. Darlle a cadaquén o seu, ¿equivale a instituír unha serie de preceptos con arreglo ós que poden morrer de fame milleiros de persoas?.

O erro é grave. Dícese que o home vén ó mundo con dereitos e deberes. Mais, ¿non nace no mundo físico con necesidades que satisfacer?.

Alomenos, nun principio o exercicio da forza tiña a súa escusa na satisfacción das necesidades. Hoxe preténdese acubillalo nunha ficción metafísica, estamos por dicir teolóxica. A forza de falar de dereitos e deberes, a forza de edificar castelos enriba dunha preocupación universal, a forza de sutilizar verbo da natureza desta preocupación, tense esquecido o home coma organismo fisiolóxico, coma animal.

O cidadán non é unha individualidade orgánica que sente necesidades reais e efectivas; é un ente de razón, produto de elucubracións extravagantes. ¡Con que cómica gravidade se fala dos dereitos do cidadán! ¡Con que baleira locuacidade se gaba a liberdade individual! Os dereitos do cidadán son sempre ilusorios, verbas ben soantes que acariñan o ouvido enganando o oínte. A liberdade é o engado co que se caza os incautos, ou gaiola de paxaro esfameado. Na orde política é a sacralización da escravitude voluntaria⁽⁹⁾: o cidadán sométese ata o punto de elixi-los seus amos. Na orde económica, a liberdade é a cábala da servidume: o cidadán, para vivir, ten que someterse ó salario ou sofre-la miseria; nin aínda lle queda a facultade de valoriza-lo seu traballo, xa que se acomoda⁽¹⁰⁾ o patrón, terá que cruzarse de brazos. Na orde social, resume e compendio da vida política e económica, o espírito de caste, aínda poderoso, a efectiva existencia de clases, son a máis completa afirmación de que a forza é o único dereito que subsiste ó través dos séculos nun mundo semibárbaro que se gaba de civilizado. Non falemos da orde relixiosa. Nacemos e morremos na envoltura teolóxica do transcendente, sometidas a conciencia e a acción ós mandatos e suxestións da caste sacerdotal.

Empeñado o idealismo político e filosófico, arremedo do relixioso, en desposuírnos dos atributos da materia, tennos convertido e ten convertido as ideas en sutís abstraccións que só viven nas sublimidades inaccesibles da mente dunha presada de visionarios. A unha noción metafísica do dereito correspóndelle unha metafísica noción do cidadán.

Mais o home de carne e óso subsiste, vive poderoso coa excitación constante de necesidades físicas, morais e intelectuais. En balde que lles demande satisfacción ós forxadores das leis e dos códigos. O Dereito, que é toda a filosofía destes, permanecerá insensible, xordo, cego e mudo perante as aldrabadas da Natureza. A fisioloxía das funcións [orgánicas]⁽¹¹⁾ é unha nigromancia para os sabios do clasicismo. O estómago, o corazón, o cerebro, ¿que lles importan?.

Eles non ven, non queren ver no home un animal que

come, sente e pensa. Prefíreno cidadán que vota, obedece e traballa. Por iso a súa lóxica é a lóxica da propiedade individual, do privilexio político e da suxestión relixiosa. O seu mellor argumento é o fusil.

O principio da recompensa, de onde se deriva o Dereito, é o alfa e omega da ciencia social.

Na teoría remunérase o traballo polo gasto de enerxía que o labor representa. Prácticamente, o traballo é unha mercancía que oscila entre a oferta e a demanda. Se o gasto de enerxía non está en relación coas necesidades nin o mercado dá un prezo abondo para cubrir aquelas, ¿que lles importa ós teorizantes?. A sociedade, segundo eles, non debe facer máis ca isto: premia-lo mérito, paga-lo traballo, asalaria-las actividades dispoñibles.

A obra comeza na escola. Estimúlase os cativos co ferrete dun premio e polo temor dun castigo; correlación necesaria chámase esta figura. Deste xeito, o berce do home abanéase da ambición ó medo. Despois entrégaselle ó individuo o xornal, aumentando este na medida na que a máquina humana produce máis e mellor. Deste xeito, o traballo non é para o home exercicio saudable por medio do que subvén á satisfacción de necesidades que non son tidas na conta, senón o potro onde se proban as súas forzas para concederlle ou non un certificado de besta. Para aqueles a quen se lles supón excepcionalmente dotados resérvase o aguillón da ganancia, do tanto por cento. Comerciantes e industriais cobran o premio dun latrocinio. Nin aínda os artistas e os sabios foxen a esa regra. O aplauso público e o favor oficial compracen porque significan unha recompensa positiva inmediata. Sen o acicate da recompensa non habería, segundo esta tese, pícaros aplicados, homes traballadores, estudiosos, amantes da beleza e da ciencia. Semella que a Humanidade ten sobre da Terra o destino fatal de disputar un premio nun «record»⁽¹²⁾ sen fin.

Pode suceder, e sucede, que con tales ensinanzas se perverta ou se destrúa a natureza do neno e se condene o home ó sacrificio do seu organismo e da súa personalidade en holo-

causto de organismos superiores, individualidades privilexiadas que se perverten pola avareza e perecen pola enchenta. O amor ó traballo, ó estudio, á arte, afástase pola baixaza dos máis ruíns intereses. Ninguén pensa na natural satisfacción das necesidades propias e xerais, senón na orxía das riquezas, na bacanal de tódolos praceres doados. O sabio e o artista, o mesmo có obreiro e có neno, pervértense pola corrupción que enxendra o estímulo, imaxe dun egoísmo malsán que divide os homes e os arroxa a unha guerra sen cuartel onde prevalecen a forza e a astucia. A Humanidade cánsase xa de tanta ficción. Comeza a comprender que cando se lle fala do dereito de manifestación, deberíasele falar da necesidade de manifestarse, que nada nin ninguén pode destruír; que cando se lle encarece a liberdade de pensamento e acción, habería que falarlle da necesidade imperiosa de pensar e obrar, que nada nin ninguén pode coutar; que cando se lle canta o dereito ó traballo, o dereito á vida, con música de serea, deberíase simplemente recoñece-la necesidade de vivir. Son funcións fisiolóxicas respecto das que a política e a filosofía representan unha intrusión. E non é este un asunto de verbas, senón unha cuestión fonda da que as palabras non son máis ca signos exteriores de diverxencia.

O home é, ante todo e sobre todo, un animal que come, sente, pensa e fala. Coma todo ser organizado⁽¹³⁾, ten necesidades que satisfacer; coma animal, necesidades físicas; coma home, necesidades morais e intelectuais. Sen o alimento que mantén en pé o organismo, as necesidades morais e intelectuais non existirían. A necesidade de alimentarse é, xa que logo, para o home, o primeiro mandato imperativo da Natureza. Deste mandato derívanse os demais, coma unha cadea sen fin. O traballo é unha necesidade máis que satisfacer. Os fisiólogos, que saben moitas cousas que ignoran os políticos, proban que o exercicio é unha necesidade do corpo, ata o punto de que, para os que menosprezan mancharse as delicadas mans co traballo material, inventouse a ximnasia, os xogos ó aire libre, as regatas, as carreiras e as demais especies de deporte elegante.

¿Que relación pode haber entre as necesidades individuais e as enerxías gastadas no traballo?. Xan, que é máis forzado ca Pedro, levaralle a este vantaxe nun traballo de resistencia. Unha mesma unidade de obra faraa Xan moito máis cedo ca Pedro e, nunha mesma unidade de tempo, realizará o primeiro maior cantidade de traballo que o segundo, o que quere dicir que Xan gañará máis ca Pedro. Non embargantes, Pedro, polo mesmo que é máis feble, necesitará con seguridade maior e máis nutritivo alimento, porque na relación das necesidades e das enerxías gastadas haberá para el un gran déficit sempre. Xa que logo pode establecerse coma regra xeral que as necesidades están en razón inversa das forzas. ¿Condenaremos a Pedro a perpetua debilidade e a consunción eterna?.

Antón, máis hábil ca Diego, realizará unha obra calquera mellor ca este. Mais unha maior habilidade implica a realización máis doada desa obra. Daquela, Antón gastará menos enerxía, traballará menos que Diego nunha mesma unidade de produción. Deste xeito, Antón atopara-se no caso de repoñer unha menor cantidade de enerxía gastada. Non embargantes, segundo a teoría, gañará máis ca Diego. Polo tanto, calquera que sexan as necesidades dun e doutro, págaselle máis ó que menos forza gasta. Polo tanto, tamén a retribución do traballo está en razón inversa da enerxía gastada; e como as necesidades gardan idéntica relación coas forzas, debemos establecer que se lle paga mellor ó que menos necesidades ten.

Rosendo, que é máis intelixente ca Xaquín, aprenderá máis cedo ca este calquera lección ou calquera tarefa. Xa que logo, Xaquín, para aprende-lo mesmo ca Rosendo, terá que facer un maior esforzo intelectual. En resumo: Xaquín gastará máis forzas, máis enerxía; terá, polo tanto necesidade de repoñer unha maior cantidade de forza empregada, co obxecto de devolverlle ó seu organismo o equilibrio. Non obstante, segundo as dúas leis anteriormente deducidas, Xaquín dispoñerá de menos elementos para satisfacer as súas necesidades, para repoñe-las súas forzas quebrantadas. Xa que logo, finalmente, condénase a Xaquín a unha crecente incapacidade fisiolóxica

e a unha progresiva miseria económica.

Resultado: que o principio da recompensa non estimula nin o máis forte, nin o máis destre, nin o máis intelixente, pero si reduce a impotencia absoluta e a miseria perpetua o feble, o inhábil e o torpe. Se para os primeiros é doado obter un bo premio, é claro que a promesa deste non os estimula. Se para os segundos é case imposible acada-lo mesmo premio, e de feito ob-téñeno cada vez menor, é evidente que se lles empurra á desesperación e ó suicidio. Págame, dirannos, a aptitude, retribúese o mérito, recompénsase a intelixencia. E ben: unha maior apti- tude, unha mellor disposición para o traballo, significa sempre un menor gasto de enerxía; polo tanto, menos necesidades que satisfacer. Organismos máis ricos en propie- dades vitais aqueles, mantéñense máis doadamente ca estes. Darlle máis ó que menos necesita equivale a coloca-lo super- fluo ó carón da miseria, en constante oposición.

¿Que papel desempeña nesta antinomia unha noción calquera do Dereito?.

Toda filosofía idealista derrúbase diante de observacións tan elementais. Ciencia que esqueza que o home é un animal, con necesidades físicas, morais e intelectuais, virá forzosamente ó chan. Xuristas e avogados, filósofos e políticos, precisan dunhas cantas leccións de fisioloxía.

Calquera organización social, para ser duradeira e equi- tativa, ten que descansar no recoñe- cimento das necesidades individuais e ten que ter por obxecto a súa mellor e máis doada satisfacción. Organiza- lo traballo é igual a organiza- los medios de satisfacer debidamente as necesidades xerais. Disto resulta que a organización da sociedade se reduce á do traballo e da distribución. Os infinitos modos de arribar a este organismo que produce, distribúe e consume, son o obxecto da socioloxía, ciencia nova que nace por oposición ó empirismo rutinario da economía política. No canto de historia- los feitos cantándolles himnos de triunfo ó capitalismo e á explotación, trátase hoxe de indaga- las leis naturais que rexen o funcionalismo social, cal é a tendencia da evolución económica e como se conquis-

tará máis rápida e seguramente o benestar. Non se estudia o que é, senón para chegar ó que *debería ser* ou máis propiamente ó que *será*. O mundo actual desmorónase baixo os atinados golpes da crítica. O mundo do porvir asoma no horizonte sensible do positivismo científico. Ninguén, máis que os politicastos, se ocupa xa da organización dos poderes e da regulamentación da vida social. A investigación vai por carreiros máis despexados. Inquírese afanosamente a maneira de organiza-la solidariedade humana facéndoa efectiva. Necesidades que satisfacer, funcións que desempeñar, relacións mutuas que convir, propendendo abertamente á liberdade total do individuo e á igualdade das condicións, son os verdadeiros termos do problema que preocupa a xeración presente. E en orde tal de ideas novísimas e de aspiracións xenerosas, a xerga político-filosófica dos dereitos e dos deberes, o aquellarre das leis civís, a grave e sesuda xurisprudencia e o arrogante militarismo quedan desbotados por inútiles e por rancios.

O sacerdote, o soldado, o maxistrado, o capitalista e o gobernante foron arrinconados á par cá rutina de pretendidas ciencias. A ciencia nova ocúpase preferentemente do pobo en xeral e das súas necesidades e demandas. Ela non di nin dirá tal vez en moito tempo como e de que xeito un vindeiro futuro realizará a xustiza. A experiencia, por un proceso de selección, irá determinando a forma ou formas máis equitativas do desenvolvemento do belo e positivo ideal que implica unha ampla satisfacción das necesidades xerais. Ninguén tenta xa forxa-lo mañán consonte a moldes de exclusiva invención, porque se comprendeu que a Humanidade non se conformou, non se conforma, non se conformará endexamais ós caprichos dos inventores de sistemas sociais. Os decretos arroxados á posteridade son coma burbullas de xabrón que se disipan no aire.

Retrotrae-lo mundo ás condicións regulares dun funcionalismo natural é, probablemente, a verdadeira solución do problema, xa que tódolos artificios fracasaron. O réxime

gubernamental, absoluto ou parlamentario, persoal ou colectivo, non pode dar de si máis que a pantomima da liberdade civil e a caricatura da igualdade, ó tempo que unha anacrónica noción da xustiza arrincada ó principio da recompensa. Por outra banda, o comunismo tradicional, o mesmo que a servidume e o proletariado, non producen nin producirán máis que miseria organizada.

Malia todo, os homes *superiores* continuarán coa leria dos nosos dereitos e dos nosos deberes, máis atentos, de seguro, a estes que a aqueles. Pouco importa que todo canto se deriva do Dereito non lograrse aumentar nunha parte infinitamente pequena o benestar dos pobos; nada di ós sentidos que non fixese máis ca poñer impedimentos a unha regular satisfacción das xerais necesidades. Gobernados pola teoloxía primeiro, pola política despois, esquecéu-senos coma homes para escravizarnos coma bestas. A representación gráfica do Dereito é o látigo empuñado por un capataz de enxeño.

Continúen os homes *superiores* a súa ladaíña. Rezan no deserto, predicán para xordos, pois ninguén os escoita. Da nosa banda, sacudindo toda pretendida inferioridade, pedimos obediencia ás leis físicas que a Lei descoñece; pretendemos reintegrarnos á Natureza anulada polo artificio gubernamental; tentamos de restituírnos á xustiza pola liberdade de acción máis completa e a máis plena igualdade de condicións económicas para a vida. Seres dotados de órganos axeitados a funcións físicas, morais e intelectuais, reclamamos a independencia total da nosa personalidade, condición indispensable cara á integración dos seus elementos constitutivos. Racharemos tódalas ligaduras que nos atan e seremos, despois dun longo cativeiro como escravos, *homes* na plenitude das súas facultades.



3

O vizoso avance do anarquismo, a súa poderosa acción dirixida contra do estado social presente, determinou entre literatos e filósofos, unha tendencia de reacción cara ás doutrinas cristiás. Algúns, pretendendo vivir no seu tempo, dixéronse resoltamente socialistas, non sen lle aportar ó socialismo a bagaxe das ideas tradicionalmente burguesas. Deste axuntamento estraño derivou o eclecticismo imperante, que ateiga o cerebro popular de mesturas ideolóxicas indixestas e escurece o horizonte das aspiracións revolucionarias.

De tódolos lados partiron voces de humanidade, de paz e de amor. Proclamouse o dereito dos pobres á vida e ós gozos da vida; recoñeceuse a súa belixerancia política, gabándoos e enaltecéndoos. A arte dignouse de recordar que hai grandiosidade na pobreza. Poetízase moito, discórrese pouco. Por iso resultan practicamente nulos os esforzos do neomisticismo sociolóxico; porque se trata dunha simple corrente de simpatía, non dunha actividade racional, racionalmente dirixida. A eficacia da menciña corresponde á natureza da sensación do mal. É necesario que a redención se fíe á magnanimidade dos poderosos, á beneficencia organizada e á instrución e bondade do pobo. É, á fin e ó cabo, preciso esperar a que o amor obre o milagre.

Voltamos outra vez e sempre ó cristianismo, á resignación, á conformidade...

Tódolos sabios da cátedra, tódolos literatos e filósofos que enarboraron a bandeira que o abate Froment⁽¹⁴⁾ pregou co

derrubamento das súas infantís ilusións de crente, esquecen ou queren esquece-la inutilidade das súas predicacións para troca-la natureza das cousas; esquecen ou queren esquecer que falan a intereses antagónicos, que non se enchen os estómagos baleiros nin se esvaeceen os vapores da farta con peroratas fraternarias, que non se modifica o home co mandato dun cambio necesario. Os sabios da cátedra, os filósofos e os literatos presentaron o problema prescindindo dos datos en función dos que únicamente a incógnita pode ser despexada. Prescindiron e prescinden da propiedade individual, orixe da miseria; do poder organizado, causa da escravitude política; do ensino oficial, coeficiente obrigado da ignorancia popular.

A paz, en tales condicións, só é posible mediante a resignación dos de embaixo. A caridade dos de enriba non dará máis que fasquía de sosego: paliará o mal, mais carece de eficacia para destruí-la desigualdade social.

Suscítase a cuestión, unha vez recoñecida a existencia do problema, co obxecto de atopar los medios de que tódolos homes entren no pleno gozo da existencia, de que todos disfruten de benestar e de liberdade; e a cátedra, a filosofía, a literatura, responden ó estrondo da aldrabada do pobo recoñecendo a xustiza da reivindicación e a necesidade de satisfacer de xeito perentorio as demandas dos miserentos. Mais, ¿que fan? ¿Propoñen o aplanamento de tódolos atrancos? ¿Obran, en consecuencia, traballando pola destrucción das causas do mal? ¿Analizan estas causas e establecen a inxustiza da propiedade, do salario, da lexislación e do goberno?.

Os máis resoltos confórmanse con puras abstraccións. A igualdade parécelles admirable; a liberdade, fermosa; a xustiza, o supremo ideal humano. E de seguido esfórzanse en meter no odre vello da organización social presente os seus ideais do mañán, sen decatarse de que o contido real da igualdade, da liberdade e da xustiza é incompatible con esta orde de xerarquías, privilexios e coaccións imperante.

Berran no deserto se pregoan a necesidade de resolve-lo conflito por medio da amizade entre tódolos homes.

Repetímolo: o concurso do que manda e do que obedece, do capitalista e do xornaleiro, para a obra da paz é, simplemente, absurdo. Non pode haber entre eles ecuación de equidade.

O proletario sabe ben que non pode amar na submisión; que non se pode render ó cariño, á fraternidade, co que o explota; que non pode considerar un irmán ó que o acoitela. Sabe que tódalas leis, aínda que leven a etiqueta socialista ou sindicalista, deixarán en pé a propiedade privada e o goberno. «Escribiredes nos vosos códigos cantas veces queirades a igualdade, a liberdade e a xustiza; non embargantes, como non suprimiredes nin o propietario, nin o lexislador, nin o maxistrado, -di o xornaleiro- continuarei sometido ó que manda, ó que explota e ó que xulga, e serei sempre inferior a eles, condenado antes e despois á resignación que me escraviza e á miseria que me aniquila. Non, non poderei ama-lo déspota, e regálovos todas as vosas lindas lindezas retóricas. Quero a igualdade positiva de condicións, a liberdade completa de acción, a xustiza que me permita e permita a todos a satisfacción das necesidades de pan, das necesidades de instrucción, das necesidades de arte. Estou farto das vosas metafísicas, das vosas sutilezas teóricas, dos vosos acomodamentos estériles. Podedes creba-los vosos códigos e os vosos decretos, que, aínda que estes contivesen o mandato terminante da liberdade, da igualdade e da xustiza, serían practicamente tan ineficaces como foi ata hoxe o precepto cristián do amor. Son os feitos e as cousas os que hai que atacar resoltamente, non só a súa representación».

A lóxica popular pareceralle brutal á sabedoría de cátedra, pero é ben máis científica e positiva que as súas sofísticas reviravoltas a beneficio do existente, porque *a priori* o supón⁽¹⁵⁾ inmutable e eterno.





Ricos somos en ideas, pobres en feitos. Ata a razón chegan con facilidade abonda os teoremas da lóxica ideal; máis o rigorismo da práctica atopa con dificultade folgados camiños onde recrearse. Os que deixamos vaga-la imaxinación polo edén do porvir soñado, icon canta frecuencia na brutal realidade damos de fociños, sen percatarnos da irreductible contradicción da nosa conducta!

Propagadores de ideais novos, poñemos cáseque sempre mans á obra sen atinar a diferenciármonos nos detalles mil da realidade daqueloutros que, fieis á rutina, pensan e senten e executan ó unísono como modelados e inspirados pola máis íntima concordancia entre a idea e o feito. Cristalizan estes no pasado; están a formarse aqueles cos zumes do presente e as brisas do porvir.

Somos o hoxe que soña no mañán, ique moito que a contradicción sexa flagrante!.

Mais no imperio da razón, a consecuencia obriga. Cómpre que ó idealismo declamatorio, ó continuo proclamar das excelencias dun principio, ó reiterado pregón das aspiracións novas, lles respondan os feitos afirmando coa súa lóxica pechada aqueles ou aquel método, segundo o que a vida futura se ha desenvolver á medida das nosas concepcións.

De tódalas *cracias* e de tódolos *ismos* que determinan a nosa mentalidade ou o noso ideal, son os máis eficaces aqueles que atopan mantedores decididos no terreo da práctica. Unha democracia que lles gaña en xerarquías ós mesmos poderes

caducos; un socialismo que en materia de disciplina non lle ten ren que envexar ó exército mellor organizado; un anarquismo que, pasando de listo, establece oligarquías disimuladas, poderán vivir saturados de grandes, moi grandes ideas, pero non atinarán endexamais a afirma-la súa grandeza no ambiente da vida, non lograrán endexamais traducirse en feitos, suxestionando e arrastrando tras de si a gran masa que non dispón de tempo para se entregar a estudos filosóficos.

Hai un libro inmenso, máis elocuente que ningún outro: o libro de todos, da experiencia de todos. Que vaian uns cantos a buscar e rebuscar nas páxinas do pobre saber humano a esencia mesma de tódalas razóns; sempre a incontable moitedume ficará ás escuras se esas razóns non son escritas no libro universal da realidade ambiente, da práctica cotiá.

Caen, pois, as democracias porque o ideal non ten traducción eficaz na experiencia, porque a realidade non se corresponde co soñado, aínda que sexa fiel imaxe dun principio filosófico ben preciso. Fracasa o socialismo, cando as xentes se percatan de que os adeptos da boa nova social non son senón tristes plaxiarios das cousas de antano. Fracasa asemade o anarquismo cando, a pouco que se furgue, se atopa nos seus mantedores, a carón da cortiza libertaria, o material leñoso e o corazón do autoritarismo.

Confiados todos en que o milagre da transformación se verifique como por feitizo, damos renda solta ás palabras belas, ás declamacións tribunicias, ás ardentes afirmacións da eterna aspiración, sen que na realidade se produza un só conato de experiencia do método, de práctica do principio. E aínda para nos enganar, procurámoslle doadas explicacións á nosa falla de correlación e cremos telo feito todo cando nos lavamos de toda culpa no Xordán⁽¹⁶⁾ do medio ambiente.

Na realidade, de verdade, non se afirma deste xeito o porvir. Boas son as razóns que sensibilizan o entendemento; mellores, os feitos que se gravan nel para non se borrar xamais. Non abonda para afirma-la aspiración anarquista aducir razóns enriba de razóns e amorea-las probas dialécticas. Neste terreo

permanecería moito tempo coma diletantismo dunha presa de innovadores. Cómpre, ademais, que os adeptos daquel ideal leven á vida ordinaria, sobre todo á vida societaria, as prácticas posibles do método preconizado. Cómpre que vexan as xentes como sen xerarquías se pode organizar un grupo e cen grupos, unha asociación grande ou pequena e unha ou máis federacións de grupos, de colectividade, calquera que sexa a súa natureza e calquera que sexan as súas fins. Cómpre que vexan as xentes como, sen previos regulamentos e sen imposicións do número, os homes poden coordinar as súas forzas e realizar un labor común. Cómpre que vexan as xentes que a solidariedade pode ser un feito, coas limitacións naturais do estado social presente, sen esas monstruosas ordenanzas que van sinalando, paso a paso e minuto a minuto, o xeito e a forma de que o individuo traduza aquilo mesmo que leva na súa constitución e no seu sangue e, por engadidura, no seu entendemento. O anarquismo, coma calquera outra doutrina, ha de chegar á universalidade das xentes pola mediación da experiencia. É indispensable que se lea neste gran libro, xa que, por outra banda, non todos poden ir procuralo nos tratados de filosofía ou de ciencia.

Longa, moi longa, será cecais esta obra. Tan longa como se queira, esixe toda a nosa paciencia e toda a nosa perseverancia. É así como se afirma un método e é así como queredamos ver a cada intre traducido o ideal.

Baixo ningún pretexto é disculpable que levemos nos beizos a palabra liberdade sen que os feitos respondan de que son sinceiros. Non hai motivo de táctica, nin escusa de gastada habilidade, que lle impida a un anarquista, cando realiza un labor de asociación, de propaganda, ou do que fore, realizala consonte o método que gaba e encomia.

Somos ricos en verbas e en ideas. Sexamos ricos en feitos, que é deste xeito como se afirma o ideal.



5

En tempos non moi lonxanos, era uso e costume entre os militantes do socialismo, do anarquismo e do sindicalismo, apelar á Revolución Social para tódolos mesteres da propaganda, da oratoria e ata da correspondencia privada. O abuso chegou a tal extremo, que a locución pasou a mellor vida enteiramente desgastada e sen provocar a máis lixeira protesta.

Este cambio nos costumes non foi meramente de fórmula, como poderían imaxinarse os pouco versados no movemento social contemporáneo.

Máis ou menos, todos criamos, a puño pechado, que a [Revolución] Social⁽¹⁷⁾ estaba á volta de calquera esquina e que o día menos pensado íamos atoparnos en pleno reinado da desexada igualdade. Andando o tempo, a imaxinación fixo praza á reflexión, o corazón cedeu a preeminencia ó entendemento, e fómonos dando de conta de que diante de nós había un longo camiño que percorrer, camiño de cultura e de experimentación, camiño de loita e de resistencia, camiño indispensable de preparación para o porvir. E todos nos puxemos a estudar, e todos, estudiando, aprendemos a loitar, a propagar, ata falar con maneiras novas que correspondían a maduras reflexións. O troco no uso das locucións, que semellaban insustituíbles, respondeu ó troco das ideas e dos sentimentos, que, ó precisárense, se fixéron máis exactos e máis consoantes coa realidade.

Tal novidade, non o é se é tida en conta a exuberancia da

vida nos primeiros anos. Non hai xuventude sen belos ensoños, sen arroutos de paixón, sen irreprimibles afervoadamentos.

É claro que, non por isto, os que fomos revolucionarios temos deixado de selo. Máis nos feitos que nas verbas, a táctica revolucionaria persiste e gaña aínda os que andan remisos en pór de acordo a conducta coas ideas.

Ninguén cre que a revolución sexa cousa de inmediata factura, pero se traballa cada vez máis conscientemente por acelerar todo o posible a chegada dunha sociedade nova. E neste rumbo, as palabras son o de menos; ás veces son un atranco, ou unha necidade, ou unha preocupación.

Facer conciencias; dar luz, moita luz, ós cerebros; pór ó compás feitos e principios; realizar, canto máis mellor, aquela parte esencial que nos distingue dos acaparadores da vida; combater sen tregua e con firmeza tódalas forzas retardadoras do progreso humano, é trasfega revolucionaria dos tempos modernos, ben saturados de ideais e de aspiracións novísimos.

Nos nosos días, as multitudes proletarias actúan precisamente neste sentido. Aínda que non estean unánimemente penetradas do ideal, como o ideal está no ambiente e o espírito revolucionario as penetrou por completo, elas obran conscientes da súa misión anovadora e van en dereitura a emanciparse de tódalas ataduras que as suxeitan a inicua servidume.

¿Que importa que a palabra «revolución» non estea nos seus beizos, se a revolución está nos seus pensamentos e nos seus feitos?.

A certeza do revolucionarismo proletario ben nos compensa daquel extinguido uso das verbas altisonantes que non deixaban tras elas pegada de proveito.

Mais, como en achaques sociais se dan as mesmas leis que en toda sorte de mudanzas humanas, non se extinguiu a inxenuidade revolucionaria dos primeiros tempos sen deixar, de recordo, o aceno da xuventude pasada. Réstannos os voceiros da revolución, os anacrónicos berróns de oficio, os que se entusiasman ou se embelesan co grotesco, co vulgar e necio das palabras e descoñecen o contido ideal das expresións. É froito

natural da incultura sociolóxica ou do incompleto coñecemento dos principios revolucionarios. Co mellor desexo, coa maior naturalidade, sans de corazón e de pensamento, algúns, non sabemos se poucos ou moitos, non teñen da revolución e do futuro outra idea que a violencia, as palabras fortes, os gritos selváticos, os xestos brutais. Antóllaselles que o resto é cousa burguesa, de efeminados, ou coma moito de revolucionarios tibios, prontos a pasarse ó inimigo. Para ser merecente do título de revolucionario é mester berrar moito, bulir moito, bra Cear e acenar coma posuídos. Non discutades un feito por bestial que sexa, por cruel, por antihumano que vos pareza. Ó punto vos cualificarán de reaccionarios.

Hai nas ringleiras revolucionarias, con distintas etiquetas, abondos cultivadores da barbarie. Non se é revolucionario se non se é bárbaro. Aínda hai moitos que pensan que o problema da emancipación se resolve moi doadamente a tiros, ou coa poda e corta das pólas podres da árbore social.

Non dicimos nós que non sexa necesaria a forza, que non sexa fatalmente necesario podar e cortar, e fender; non dicimos nós que o revolucionarismo consista en abri-las ostras pola persuasión; mais disto a resumir nunha feroz expresión de brutalidade humana a loita por un ideal de xustiza para todos, de liberdade e de igualdade para todos, hai un abismo no que non queremos caer.

Non voceiros da revolución, senón [xentes] conscientes⁽¹⁸⁾ da obra revolucionaria, tan longa ou curta coma teña que ser, necesita a humana empresa de emancipación total na que andamos metidos os militantes polos ideais do porvir.

Sen importarnos un pataco dos berradores profesionais, apesarados cos inconscientes vociferadores que lealmente, sinceramente, cren servi-la revolución a berros e pancadas, nós afirmámonos nas nosas conviccións de sempre, dicindo a todos:

«Revolucionarios, sí; voceadores da revolución, non».

Agosto, 1922⁽¹⁹⁾

R. Mella.

NOTAS:

(1) «Doctrina y combate», por Ricardo Mella, foi o folleto número 13 dos publicados mensualmente pola «Biblioteca Renovación Proletaria», que tiña o seguinte enderezo: Aquilino Medina, San Pedro, 27. Pueblonuevo del Terrible (Córdoba), España. Os folletos, sen data de edición, foron publicados na década de 1920. Publicáronse estes títulos: 1) «El Sindicalismo en Cataluña», Ángel Pestaña e Salvador Seguí; 2) «Brazo y cerebro», Higinio Noja Ruiz; 3) «Comentarios al II Congreso de C.N.T. de España»/ Mauro Bajatierra; 4) «Bocanadas de fuego», Ángel Samblancat, 5) «La Rusia Roja», Manuel Buenacasa; 6) «Trazos Sociales», Antonio Amador; 7) «En tiempos de batalla (Reflexiones anarquistas)», David Díaz; 8) «El sindicalismo frente a la política», Valentín de Pedro; 9) «La revolución en Italia (Nuestra opinión para su triunfo)», Errico Malatesta; 10) «Frente a la dictadura», Rafael Ballester; 11) «Gestas magníficas», Eusebio C. Carbó; 12) «Más allá de la política», Aquilino Medina. O número 14 anunciado era: «Contra todo y contra todos», por Luis Zoáis. (Nota de V. Muñoz, ed. cit., pág.166).

(2) Variamos en algúns poucos casos o uso dos signos de puntuación que rexistran as versións castelás manexadas, co obxecto de facilita-la comprensión do texto. Aquí substituímos comas (,) por guións (-). (N. dos ed.).

(3) En ámbalas dúas edicións castelás empregadas como fonte lese «efectividad». Aventurámonos a corrixir o que podería

ser unha errata polo termo «afectividade», que parece vir máis ó caso co anterior, tendo en conta a coherencia de significados.(N. dos ed.).

(3 bis) Ignoramos quen é o Dumont do que procede a cita empregada por Mella. Nas enciclopedias aparecen rexistrados: Augustin Dumont (1801-1884), escultor francés discípulo de Canova; Pierre Dumont (1884-1936), pintor francés seguidor de Cezanne, Van Gogh e os impresionistas, e amigo do escritor G. Apollinaire; e Jules Dumont D' Urville (1790-1842), navegante e explorador da mesma nacionalidade, a quen corresponde a «honra» de ter expoliado a Venus de Milo, que hoxe se expón no museo do Louvre de París.

(4) Elixímo-la lección da ed. «FI.J.L.»; en V. Muñoz (ed. cit.) lese «severidad independiente». (N. dos ed.).

(5) Polas razóns expostas máis enriba, intercalámo-la posición, que non aparece nas fontes. (N. dos ed.).

(6) Probablemente por lapsus ou errata no orixinal aparece «cautiverio»; seguindo a V. Muñoz (ed. cit., páx. 166), corriximos directamente na traducción. (N. dos ed.).

(7) No orixinal «concubinaje». (N. dos ed.).

(8) «Barbarismo» no orixinal. (N. dos ed.).

(9) Sobre esta cuestión debe recordarse a obra «Sobre a servidume voluntaria», do pensador e escritor francés Étienne de La Boétie (1530-1563). V. Muñoz (ed. cit., páx. 166) fai referencia á seguinte edición: «La esclavitud voluntaria». Con cartas de Montaigne relativas al autor, por Esteban de La Boétie, prefacio de A. Vermorel, traducción [ó castelán] de Carlos Chies. Barcelona, s./f., Sopena Ed., 153 págs. Lamentamos non incluír datos referentes a outras edicións máis recentes, que, non embargantes, sabemos que existen. (N. dos ed.).

(10) «Acomoda» (sic), ceais co significado castelán de «proveer de lo necesario» e tendo como suxeito gramatical a «ciudadán». Tamén podería ser errata por «incomodar» (lectura que semella esixir a «traballo» como tal suxeito). (N. dos ed.).

(11) Por razóns de claridade, engadímo-lo adxectivo (que non figura nas versións castelás consultadas). (N. dos ed.).

(12) V. Muñoz (ed. cit., páx. 166) anota que se trata dunha voz francesa empregada aquí co significado de «resultado». Nós interpretamos, apoiándonos no sentido actual do termo («aquilo que representa o maior nivel acadado nunha actividade»), así: «na procura incesante de obter mellores resultados, maiores rendementos». (N. dos ed.).

(13) «Organizado» (sic) no texto castelán. Cecais proceda ler «orgánico». (N. dos ed.).

(14) Refírese probablemente Mella a Nicolás Froment (¿1435?-1484), pintor relixioso francés. (N. de V. Muñoz; ed. cit., páx. 145).

(15) Tanto o posesivo «súa» como a realización da acción verbal expresada por «supón» deben ser vinculados co sintagma «a sabedoría de cátedra». (N. dos ed.).

(16) V. Muñoz (ed. cit., páx. 166) anota: río de Palestina, tributario do mar Morto, no que, segundo a Biblia, foi bautizado Xesús.

(17) Inclinámonos pola lección da ed. «F.I.J.L.»: «la Social»; e intercalámo-lo substantivo «Revolución» para facer máis claro o sentido. En V. Muñoz (ed. cit.) lese: «lo social». (N. dos ed.).

(18) Introducímolo substantivo «xentes» para reforzala claridade do texto. (N. dos ed.).

(19) Este semella ter sido o derradeiro folleto de Ricardo Mella, datado exactamente tres anos antes da súa morte, ocorrida en Vigo, no mesmo mes de agosto de 1925. Non podemos precisar se foi o seu derradeiro escrito enviado a unha editorial libertaria para a súa publicación. Non embargantes, é o último coñecido por nós. (N. de V. Muñoz; ed. cit., páx. 166).

Epilogo:
En torno a
Mella,

por Diego
Albad de
Santillán



En torno a Mella



Diego Abad de Santillán⁽¹⁾

Na fermosa exposición anarquista que constitúe a refutación das insanias de Lombroso⁽²⁾ por R. Mella (p. 111, ed. *La Protesta*) atopamos esta pasaxe:

«Somos homes de ideas, que amamos fortemente aquilo que se nos ofrece cos caracteres dunha verdade irreductible, que gardámo-la crenza nun mundo mellor, e, se algunha vez frouxoa o noso corpo maltratado, non frouxeará o noso cerebro na convicción dunha idea pola que loitamos con tódalas forzas contra dunha sociedade saturada de preocupacións, de egoísmos e inmoralidades...».⁽³⁾

¿Quen non pensou no exemplo da vida de Mella ó reler esta pasaxe escrita fai cáseque trinta anos, cando o autor estaba aínda na plenitude da súa actividade intelectual? Semella que xa entón tivese o presentimento de que o seu corpo fraquearía, mais que, non embargantes, o seu espírito continuaría rexo nas ideas da súa vida. E enténdese: un home coma el, simple obreiro estudioso que chegou, polo seu propio esforzo e pola súa tenacidade, a render exame de enxeñeiro, sen abandonar, por iso, a súa función insustituíble na propaganda durante os períodos máis axitados e máis perigosos do anarquismo español, tivo que ir deixando no camiño penosos retallos da súa existencia.

O corpo de Mella fraqueou antes de chegar ó final da súa vida de traballo. Pero lle deu ó anarquismo cáseque trinta e cinco anos do seu pensamento privilexiado. Ó final, nos dez últimos anos, se sentiu débil para continuar na rifa, mais non fixo a menor concesión no terreo das súas conviccións ideolóxicas. Morreu fiel á anarquía, que contribuiu,

honrosamente, a propagar e a esclarecer.

Non embargantes, tivemos na man unha posibilidade de facelo voltar á loita. Desgraciadamente as cousas seguiron outro curso, facéndonos perder unha derradeira ocasión para escoitala palabra autorizada dese home modesto e laborioso. Consideramos sempre a Mella como un valor intelectual digno de figurar entre os mellores escritores do anarquismo. Non só pola mesma España, senón por tódolos países de lingua castelá, devexiamos por que a pluma de Mella voltara a cooperar na propaganda escrita. Era, para nós, unha traxedia olla-la pobreza de pensamento da xeración actual dos militantes e dos propagandistas.

A comenzos de 1922 visitamos a Mella no seu domicilio de Vigo⁽⁴⁾. A editorial «La Protesta» desexara facerlles coñecer o antes posible ós lectores de fala española a «Ética» de Kropotkin⁽⁵⁾. Tendo chegado ós nosos ouvidos que se faría de inmediato unha edición inglesa, propuxémoslle a Mella que se fixese cargo da traducción e que escribise un prólogo coma aquel famoso prólogo de «La ciencia moderna y la anarquía»⁽⁶⁾. Mella amosárase completamente decidido a non voltar a tomar parte na propaganda cotiá; díxonos que erámo-los xoves os que debiamos ocupa-lo seu posto, que el era vello; díxonola súa idade, por certo máis elevada do que imaxinamos e do que se deduciría ó ollalo aínda, en aparencia, tan áxil e tan móbil. Exteriormente aparentaba uns cincoenta anos, pero xa pasara dos sesenta. Recordámonos de que, falando da revolución rusa, nos dixo que se desinteresara do estudio desa cuestión e que xa non contaba con forzas para escribir ó respecto. Nunha palabra, malia a nosa insistencia, ficou firme na súa negativa, aínda que albiscamos que esa firmeza se quebrantaría se atopabámo-lo xeito de interesalo nun labor calquera do movemento. Para a traducción da «Ética» non puxo reparo algún, prometendo asemade escribi-lo prólogo solicitado; cremos ter tirado a impresión de que ese traballo o faría con íntima satisfacción. Ó se despedir, despois de convida-los primeiros detalles desa traducción do inglés, como lamentarámo-lo seu illamento e a súa negativa a tomar parte nas nosas cousas,

díxonos cun ton de camaradería e de ánimo que non esquecimos: «Comezarei pola traducción da «Ética» e veremos máis tarde se se presenta a ocasión para cooperar na nosa prensa». Saímos da casa de Mella cunha certa esperanza de que voltariamos a recibi-lo apoio precioso do seu talento na propaganda escrita. E, durante algún tempo, fixémonos toda sorte de ilusións. Por desgracia a traducción inglesa da «Ética» non estaba á altura do que supuxeramos e houbo que desistir do proxecto primitivo. Velaí como nos privamos dos derradeiros anos da vida de R. Mella.



Dícese que toda a prensa galega adicou sentidas notas necrolóxicas á memoria de R. Mella co gallo da súa morte e que o seu enterro deu motivo a un paro xeral do traballo en Vigo. Galicia non poderá nunca descoñecer o que ese home significou, en xeral, e, particularmente, para a rexión. O fenómeno galego da emigración chamou a atención de cantos tiveron a oportunidade de coñecelo. É toda unha traxedia que feriu o corazón de Mella dende a súa xuventude. Un dos seus primeiros traballos literarios titúlase «El problema de la emigración en Galicia», que data de 1885⁽⁷⁾, se non nos trabucamos; o xurado rexeitouno polo radicalismo das súas conclusións. Entón presentouno ó «Primer Certamen Socialista» de Reus, que o premiou e fixo publicar esa fermosa memoria. Cecais hoxe non producisen nos galegos tanto asombro os puntos de vista de Mella, reveladores do seu talento. A emigración galega continúa a ser unha traxedia dolorosa e son as mesmas causas que anatematizaba Mella en 1885 as que a producen.

Resenando a aparición dese escrito, dicía a revista «Acracia» de Barcelona en xuño de 1886: «Se non coñeceramos xa a competencia do noso amigo Mella en cuestións sociais, o exame da memoria que nos ocupa abondaría a demostralo...».

Velaí como teima no mesmo asunto na refutación do libelo de Lombroso contra os anarquistas:

«...En Galicia, onde cáseque todo o mundo é propietario, a miseria é o estado latente de tódolos días, porque ninguén ten os elementos máis indispensables para vivir. A poboación galega vese forzada a emigrar continuamente, cuberta de farrapos, lixada e famenta. Os grandes transatlánticos conducen os galegos á outra beira do océano en verdadeiras moreas de escravos, e os comboios de Castela arrastran vagóns destinados exclusivamente ós segadores da terra galaica a quen se embarca conducíndoos como a rabaño de cordeiros. ¿Cantas veces subiu ó noso rostro a indignación ó contemplar, nas plataformas da estación do Norte de Madrid, o espectáculo desas conduccións innobles...».

Non cabe dúbida de que R. Mella sufriu realmente diante dese espectáculo e quedaría por coñece-la parte que tivo o problema da emigración galega no espertar do seu espírito ás ideas libertarias.

Os camaradas que se ocupan da propaganda en Galicia farían ben en rele-las suxerencias e os estudos de Mella verbo do problema da emigración. Case estamos por asegurar que se podería elaborar o programa de propaganda e de organización máis axeitado para esta rexión de España seguindo o pensamento de Mella. Zona eminentemente agrícola e onde a miseria é tan extrema, se ata o de agora a súa poboación agraria non integrou as ringleiras da revolución social, ¿non será porque non soubemos chegar coas nosas ideas ó seu cerebro e ó seu corazón?.



Intelectualmente, Mella ocupa unha posición propia no anarquismo. Non estivo nunca completamente de acordo co comunismo de Kropotkin. Nin o estivo el, nin o estivo Tarrida

del Mármol⁽⁸⁾, nin o estivo tan sequera Anselmo Lorenzo⁽⁹⁾. Non fai moito aínda o camarada Urales⁽¹⁰⁾ reclamaba a paternidade da teoría do «anarquismo sen adxectivos», atribuída por Max Nettlau⁽¹¹⁾ a Tarrida del Mármol. E se afondasemos na cuestión, chegaríamos tal vez a demostrar que nos países españois, onde cáseque tódolos anarquistas nos dicimos comunistas anarquistas, o comunismo non é interpretado coma un sistema económico fixo, senón coma unha expresión da vida e das relacións económicas ceibes, que coincidirá ou non coas previsións kropotkinianas, pero que non será o froito dun programa previamente establecido.

Non hai dogma económico, así advertía Anselmo Lorenzo en torno a 1886, non debe habelo. Para nós se un dogma hai é o da liberdade, ou sexa, a negación de tódolos dogmas. Esta posición tan brillantemente defendida por Mella deixou os seus rastros en todo o anarquismo dos países españois, que non embargantes proclaman o comunismo anárquico cáseque de xeito unánime. Pero ó tempo sosteñen con Mella que «a organización futura, a organización anarquista, non será un produto forzado dun plan preconcebido, senón a resultante dos acordos parciais dos individuos e dos grupos, segundo as circunstancias e a capacidade do pobo no momento».

Que os nosos camaradas volten a le-lo prólogo de Mella á súa traducción de «La ciencia moderna y la anarquía» de Kropotkin, que volten a le-la memoria presentada ó «Congreso Internacional Anarquista» de París en 1900 (reproducida en cáseque toda a prensa anarquista e últimamente no *Suplemento*, ano II, nº 95), que se estudien os numerosos artigos publicados por Mella en diversos xornais e reproducidos logo en folletos. A súa posición puramente anarquista é clara, convincente e demóstranos a nós mesmos que estamos máis perto de compartilas súas ideas que de aceptar dogma algún no terreo da economía.

NOTAS:

(1) Este artigo está tomado de «Suplementos Anthropos, nº 36: Diego Abad de Santillán.- Barcelona, Anthropos, xaneiro 1993.-(páx. 145-46). Apareceu orixinalmente en *La Protesta, Suplemento Semanal*. Buenos Aires, 9 de agosto de 1926.

Diego Abad de Santillán (León, 1897-Barcelona, 1983). O seu nome de nacemento era Sinesio García Fernández. Influiu no movemento sindical da Arxentina, onde residiu moitos anos. De regreso a España, integrouse na F.A.I. Foi conseller de Economía no goberno da Generalitat de Cataluña (1936-37). Teórico do anarquismo, publicou entre outras obras: *Psicología del pueblo español*, *El organismo económico de la Revolución*, *Por qué perdimos la guerra*, *Contribución a la historia del movimiento obrero español* (2 vls.), etc.

Outra evocación de R. Mella por Abad de Santillán pode lerse en: *Antología ácrata española*, ed. V. Muñoz cit. no prólogo, páx. 191-93.

(2) Cesare Lombroso (Verona, 1836-Turín, 1909). Médico e criminalista italiano. Foi o fundador da antropoloxía criminal. Segundo Lombroso, o criminal é un enfermo máis ca un delincuente.

(3) Hai unha recente edición en galego: *Lombroso e os anarquistas*, R. Mella; introd. de Antón Fernández; trad. de Valentín Arias.- Vigo, ed. Xerais, 1999.

Unha edición, non tan recente, en castelán é: *Los anarquistas/ presentación C. Díaz.- Madrid, Júcar, 1978*. Esta edición inclúe, ademais da obra de Mella, o traballo de Lombroso

obxecto de refutación.

(4) V. Muñoz (*Antología ácrata española* cit.) presenta datos contradictorios sobre o enderezo de Mella na súa derradeira etapa viguesa: na páx. 122 di que correspondía ó 2º piso do actual [en 1974] nº 14 da avenida García Barbón; pola contra na páx. 191 lese que a casa de Mella era na avenida García Barbón, nº 10 (agora [en 1974] nº 12), 2º piso.

(5) Piotr Alexeevich Kropotkin (Moscu, 1842-Dmitrov, 1921). Revolucionario ruso. Un dos grandes teóricos do anarquismo. Autor de *La conquista del pan*, *El apoyo mutuo (Un factor de la evolución)*, *Palabras de un rebelde*, *Campos, fábricas y talleres*, *La gran revolución francesa*, etc.

Unha completa biografía de Kropotkin que aínda se atopa no catálogo dalgunhas distribuidoras (Fundación «Anselmo Lorenzo» de Madrid, por exemplo) é: *El Príncipe Anarquista (Estudio biográfico de Piotr Kropotkin)*, George Woodcock e Iván Avakumovic.- Madrid, Júcar, 1975.

Sobre edicións en castelán da *Ética* de Kropotkin posteriores a 1970 temos dúas noticias: *La moral anarquista*, Madrid, 1978 (cit. en Woodcock e Avakumovic); *Ética*, P. Kropotkin.- Madrid, Libros Dogal, 1977. Ignoramos se ámbalas dúas referencias corresponden á mesma edición.

(6) Os datos desa edición son: *La ciencia moderna y el anarquismo*, P. Kropotkin; trad. E prólogo por R. Mella.- Valencia, F. Sempere y cia, 1912.

O prólogo do que fala Abad de Santillán aparece en *Forjando un mundo libre* (ed. V. Muñoz cit.), páx. 218-233.

(7) Temos noticia das seguintes edicións: Reus, Centro de Amigos, 1885.- (incluído en *Primer Certamen Socialista*, colectánea das memorias presentadas ó certame); Barcelona, P. Ortega, 1885.- 67 p.; Barcelona, P. Ortega, 1887.- 2ª ed.; Gijón, La Industria Editorial, 1934.- (incluído en *Ensayos y conferencias*, tomo II das *Obras completas* de R. Mella, proxecto iniciado en 1926 por Pedro Sierra coa publicación de *Ideario*, e que debería ter constado de seis volumes).

(8) Fernando Tarrida (ou Tárrida) del Mármol (La Haba-

na, 1861-Londres, 1915). Profesor de Matemáticas, os seus primeiros escritos na prensa anarquista datan dos derradeiros anos 80 [do pasado século]. No *Segundo Certamen Socialista* arbitrou a solución da «anarquía sen adxectivos» para a interminable polémica entre colectivistas e comunistas libertarios. Colaborou nos principais órganos e revistas ácratas. Entre as súas obras figuran *Les Inquisiteurs d'Espagne* (sobre os procesos de Montjuich, durante os que sufriu prisión) e unha biografía de A. Lorenzo. Foi delegado español nas conferencias anarquistas de París (1889) e de Bruselas (1891). Moi influenciado por Kropotkin e A. Lorenzo, se esforzou por fornecerlle unha base científica á análise crítica da cuestión social.

Unha exposición do seu «anarquismo sen adxectivos» aparece en *Antología ácrata española*, ed. V. Muñoz cit., páx. 29-39.

(9) Anselmo Lorenzo (Toledo, 1841-Barcelona, 1915). Anarcosindicalista español, foi delegado da «Alianza de la Democracia Socialista» fundada por Bakunin, e un dos impulsores da creación en España dunha Sección da Primeira Internacional. En 1870 fundou o xornal obreiro *La Solidaridad*. Escribiu, entre outras obras, *Vida anarquista*, *Criterio libertario* e *El proletariado militante*.

Unha edición desta última obra aínda localizable é: *El proletariado militante*, A. Lorenzo; prólogo e notas de José Álvarez Junco.- Madrid, Alianza Editorial, 1974.

(10) Juan Montseny y Carret («Federico Urales»), nacido en Reus en 1864 e morto en Francia en 1942. Mestre nunha escola laica de Reus e anarquista dende 1887, destacou polas súas múltiples colaboracións en toda a prensa ácrata e por dirixir o órgano máis importante desta, *La Revista Blanca*, en colaboración coa súa dona Teresa Mañé («Soledad Gustavo»), entre 1898 e 1905 (cento sesenta e oito números), e coa súa filla Federica Montseny, de 1924 e 1936 (trescentos trinta e oito números). Entre as súas obras podemos citar: *Mi vida*, *El proceso de un gran crimen*, *Consideraciones sobre el hecho y la*

muerte de Pallás, *Evolución de la Filosofía en España*, *Sociología anarquista*, e infinidade de narracións literario-sociais para as coleccións *La novela ideal* e *La novela libre*, que alcanzaron enorme tirada.

(11) Max Nettlau (1865-1945). Historiador alemán; a súa especialización en temas do anarquismo valeulle o alcume de «Heródoto da Anarquía». Viviu longas tempadas en España e as súas numerosas colaboracións en revistas españolas representan contribucións de primeira orde para a historia do anarquismo en España. O Instituto Internacional de Historia Social de Amsterdam conserva copioso material reunido nas súas investigacións. Autor dunha biografía de Bakunin (1896-1900) e doutra de Malatesta (1922), entre as súas obras editadas en castelán figuran *Eliseo Reclus, la vida de un sabio justo y rebelde* (Barcelona, La Revista Blanca, 1929), *La Anarquía a través de los tiempos* (Barcelona, Guilda de Amigos del Libro, 1935). Unha biografía de Nettlau é *Max Nettlau, el Heródoto de la Anarquía*, Rudolf Rocker.- México, Ediciones Estela, 1950.





Un home coma el, simple obreiro estudioso que chegou, polo seu propio esforzo e pola súa tenacidade, a render exame de enxeñeiro, sen abandonar, por iso, a súa función insustituíble na propaganda durante os períodos máis axitados e máis perigosos do anarquismo español ...

*Cadernos de
«Terra de Ninguén»
número 1*